

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020.

CENTRO: CEIP JOSÉ MARÍA LAGE
CURSO: 6º PRIMARIA
MATERIA: EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN
PLÁSTICA)
DATA: 5 DE MAIO DE 2020
PROFESOR: DAVID SIXTO GARCÍA

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Formular opinións cun criterio estético, oralmente ou por escrito, que expresen o respecto e a riqueza das achegas que ofrecen as manifestacións artísticas (plásticas, visuais ou musicais), apreciando as texturas, as formas, as liñas, as medidas e as cores.	EPB1.1.5. Aprecia as diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo.
	EPB1.1.6. Analiza as posibilidades de texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre soportes distintos.
B2.1. Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diversos materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis axeitadas para a realización da obra prevista.	EPB2.1.1. Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso.
	EPB2.1.3. Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións.
	EPB2.1.4. Experimenta con materiais e texturas gráficas con creatividade e soltura.
B2.3. Coñecer as manifestacións artísticas máis significativas que forman parte do patrimonio artístico e cultural, e adquirir unha actitude de respecto e valoración dese patrimonio.	EPB2.3.1. Recoñece, respecta e valora as manifestacións artísticas máis importantes do patrimonio cultural e artístico español.
B3.1. Identificar conceptos xeométricos na realidade que rodea o alumnado, en relación cos conceptos xeométricos recollidos na área de matemáticas coa súa aplicación gráfica.	EPB3.1.13. Realiza composicións utilizando formas xeométricas suxeridas polo ou pola docente.

A partires dos estándares imprescindibles anteriores contribuirase, de xeito especial, a que o alumnado teña un grao de desenvolvemento nas seguintes competencias clave:

- CCL.
- CD.
- CAA.
- CSIEE.
- CCEC.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<i>Procedementos:</i> <ul style="list-style-type: none">▪ Seguimento sistemático.▪ Análise das producións do alumnado.
	<i>Instrumentos:</i> <ul style="list-style-type: none">▪ Traballos entregados a través da aula virtual do curso.
Cualificación	<p>A.- Valoración do rendemento do terceiro trimestre. Para obter a nota numérica do rendemento do alumnado no terceiro trimestre, que terá unha puntuación máxima de 2 puntos, realizarase a media aritmética da puntuación obtida nos traballos entregados na aula virtual.</p> <p>A nota obtida non figurará no boletín de notas, pero empregárase para obter a cualificación final do curso.</p> <p>B.- Cálculo da cualificación final do curso (ordinaria).</p> <p>B.1.- Cualificación de Plástica. No presente curso académico, a cualificación que figure na 3ª avaliación e na avaliación final (ordinaria) serán a mesma. Esta cualificación será o resultado de realizar a media aritmética da cualificación da 1ª e da 2ª avaliación. A esta cualificación sumaráselle un máximo de 2 puntos en función da nota obtida na valoración do rendemento do terceiro trimestre (ver apartado A).</p> <p>B.2.- Cualificación de Educación Artística. A cualificación de Educación Artística será o resultado de realizar a media aritmética da cualificación obtida na área de Plástica e na área de Música, redondeando á unidade máis próxima, e en caso de equidistancia, á superior. Non se aprobará a área de Educación Artística se algunha das súas áreas integrantes (Plástica e/ou Música) está suspensa.</p> <p>C.- Aclaracións en relación ás actividades.</p> <ul style="list-style-type: none">▪ Non se poderán entregar as actividades unha vez finalizado o prazo de entrega; se un alumno ten un imprevisto e non pode entregala, débese poñer en contacto co profesorado.▪ Cando se sospeite que a actividade foi realizada por outra persoa, a nota da mesma será 0.▪ As actividades non realizadas ou non entregadas contarán como 0 para achar a nota á que se refire a sección A.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

Actividades e metodoloxía	<p>Como na maioría dos días realizaranse actividades de recuperación, reforzo e repaso, o alumnado deberá realizalas de forma autónoma, preguntando as dúbidas que teña a través da mensaxería da aula virtual do curso.</p> <p>Porén, as actividades de ampliación traballaranse de dous xeitos diferentes en función da súa dificultade:</p> <ul style="list-style-type: none">▪ <i>Actividades de ampliación que non requiran apoio docente.</i> Neste caso, facilitarase a explicación dos novos contidos a través de material teórico interactivo e/ou vídeos explicativos.▪ <i>Actividades de ampliación que requiran apoio docente.</i> Neste tipo de actividades, utilizarase para explicar os contidos a plataforma Cisco Webex.
Recursos a utilizar	<p>Xa que todo o alumnado da aula ten, polo menos, un dispositivo con conexión á Internet, faremos uso das seguintes plataformas:</p> <ul style="list-style-type: none">▪ <i>Aula virtual de 6º de Primaria.</i> Este espazo utilizarase para o seguinte:<ul style="list-style-type: none">○ Detallar as actividades a realizar durante cada día.○ Realizar actividades online.○ Entregar actividades.○ Resolución de dúbidas, facendo uso da mensaxería.○ Realizar o seguimento do alumnado.▪ <i>Cisco Webex.</i> Esta plataforma utilizarase para o seguinte:<ul style="list-style-type: none">○ Traballar o aspecto emocional.○ Explicación de contidos e actividades.○ Realizar a función titorial..▪ <i>Enderezo electrónico.</i> Esta ferramenta utilizarase para o seguinte:<ul style="list-style-type: none">○ Entrega de actividades que non é posible entregar a través da aula virtual do curso.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A través de Abalar Móbil informaremos da localización deste documento para a súa consulta.
Publicidade	O presente documento estará dispoñible para toda a comunidade educativa nas seguintes páxinas web: <ul style="list-style-type: none">▪ Páxina web do centro.▪ Aula virtual de 6º de Primaria.